

## PRIMEIRO DE GRAO PROFESIONAL

### PARTE I

#### PROBA DE TROMPETA

As listas de obras e estudos que se relacionan a continuación son a título orientativo, podendo o alumno presentar ó tribunal un programa de obras e estudos de dificultade similar ás publicadas nesta programación.

As obras presentadas polo aspirante deben interpretarse con acompañamento de piano, e unha delas de memoria. Será o propio alumno o que achegue o pianista se é necesario.

A proba de acceso a grao profesional consistirá nos seguintes apartados:

1º.- Interpretación de **dúas obras** de diferentes estilos de entre as relacionadas a continuación ou outras de similar dificultade:

- |                                |                  |
|--------------------------------|------------------|
| - Intrada et Rigaudon.         | H. Purcell.      |
| - Peza para concurso.          | Lucien Picavais. |
| - Sonata en Si b.              | Loeillet.        |
| - Andante et allegro moderato. | R. Gaudron.      |
| - Róndo interrompue.           | R. Berthelot.    |
| - Lles olympiades.             | Dorsselaer.      |

- |                |                |
|----------------|----------------|
| - 1º Só.       | Legron.        |
| - Eolo, o rei. | Ferrer Ferrán. |
| - Suite nº 1.  | Telemann.      |

2º.- Interpretación dun **estudo** elixido polo alumno entre ou 7 e ou 13 do libro “Lyrical studies” de G. Concone.

## PARTE II

### PROBA DE LINGUAXE MUSICAL

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións dos catro cursos de Grao Elemental.

#### CONTIDOS DA PROBA

- **Ditado rítmico - melódico:** a unha voz en compás regular dunha extensión de 8 a 16 compases, ata dúas alteracións na armadura, podendo aparecer algunha accidental, figuración rítmica ata a semicorchea, grupos de valoración especial regulares. Para a realización do ditado, daráselles aos examinandos, o La do diapasón, a tónica da tonalidade a empregar, o La do diapasón, os acordes tonais, o La do diapasón, a primeira nota do ditado e a velocidade do pulso (nesta orde).
- **Repentización rítmica:** en claves de Sol e Fa en 4ª en compás regular.
- **Entoación:** Repentización dun exercicio en clave de Sol, con acompañamento pianístico que apoie pero que non dobre a melodía.
- **Teoría:** Abranguerá un exercicio escrito de 10 preguntas.

Os exercicios de Teoría e Ditado, realizaranse nunha única sesión e terán a duración máxima de unha hora e media.

Para os exercicios de repentización rítmica e entoación, o examinando disporá de 10 minutos en total para preparar en clausura ámbolos dous exercicios.